



Compostela
Cultura

Emocións naturais

Natureza, vida e amor

**REAL FILHARMONÍA
DE GALICIA**

25 Aniversario

TEMPORADA DE ABONO
2020 → 2021

XOVES 22
ABRIL 2021

Auditorio de Galicia, 20.30 h

TEMPESTADE E CALMA

Nodoka Okisawa, directora

PROGRAMA

Gioachino Rossini (1792-1868)

La Cenerentola: Temporale

Franz Joseph Haydn (1732-1809)

Sinfonía núm. 39 en Sol menor “Tempesta di Mare”

Allegro assai

Andante

Menuet

Allegro molto

Felix Mendelssohn (1809-1847)

As Hébridas, op. 26

Franz Joseph Haydn

Sinfonía núm. 59 en La maior “Sinfonía do lume”

Presto

Andante o più tosto allegretto

Menuet

Allegro assai

Felix Mendelssohn

Mar en calma e viaxe próspera

Duración aproximada do concerto: 1 hora (sen pausa)

Pregámoslle ao público que non faga fotografías e que desconecte os teléfonos móbiles, reloxos, etc.

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

25 Aniversario

A Real Filharmonía de Galicia créase no ano 1996 en Santiago de Compostela, e ten a súa sede permanente no Auditorio de Galicia, na cidade de Santiago de Compostela. Está formada por cincuenta músicos de 17 nacionalidades diferentes. Paul Daniel é, dende 2013, o seu director titular e artístico; Maximino Zumalave o seu director asociado e Joana Carneiro a principal directora invitada. Coa orquestra colaboran os máis destacados directores, cantantes e instrumentistas de todo o mundo.

A RFG está comprometida en achegar a música clásica a todo o territorio galego, aos públicos máis novos e destaca, ademais, o seu compromiso co patrimonio musical galego. Xestionada polo Consorcio de Santiago, a RFG é financiada pola Administración Xeral do Estado, a Xunta de Galicia e o Concello de Santiago.

Director artístico titular

Paul Daniel

Principal directora invitada

Joana Carneiro

Director asociado

Maximino Zumalave

VIOLÍNS I

Paçalin Pavaci
(concertino)

Adriana Winkler
(axuda de concertino)

Anca Smeu **
Victoria Jurov
Anna Alexandrova
Yulia Petrushevskaya
Claudio Guridi
Daniel Kordubaylo
Ilya Fisher
Michal Ryczel
Ildikó Oltai
Sabela Hughes ***

VIOLÍNS II

Grigori Nedobora *
Nikolay Velikov **
Samira Ajkic
Kiyoko Ohashi
Helena Sengelow
Irina Gruia
Gyula Vadaszi

Elina Viksne

Matthias Emmerink ***
Clara Pedregosa ***

VIOLAS

Tilmann Kircher *
Natalia Madison **
Oxana Bakulina
Timur Sadykov
Ionela Ciobotaru
Anne Schlossmacher
Carmen Navarro ***

VIOLONCELLOS

Plamen Velev *
Barbara Switalska **
Thomas Piel
Carlos García
Millán Abeledo
Clara Martínez ***

CONTRABAIXOS

Carlos Méndez *
Alfonso Morán **
Raquel Miguélez (R)

FRAUTAS

Laurent Blaiteau *
Luís Soto **
Henrique Medeiros ***

ÓBOES

Christina Dominik *
Esther Viúdez **
Luca Tognon ***

CLARINETES

Beatriz López *
Vicente López **
Bernardino Assunção ***

FAGOTES

Juan Carlos Otero *
Manuel Veiga **
Daniel Solís ***

TROMPAS

Jordi Ortega *
Alfredo Varela *
Xavier Ramón **
Simon Lewis (R)

TROMPETAS

Javier Simó *
Ramón Llätser **
Pedro J. Cases (R)

TROMBÓN

Iago Ríos (R)

TIMBAL

José Vicente Faus *

PERCUSIÓN

Gonzalo Zandundo (R)

CLAVE

Marta López (R)

* principal | ** copincipal | *** EAEM (Curso Avanzado de Especialización Orquestral) | (R) reforzo

NODOKA OKISAWA

DIRECTORA

“Como Okisawa lle dá seguridade á orquestra, como moldea a complexa partitura con autoridade natural e estende audazmente o espectro de volume en todas as direccións, iso impresiona. Agardamos vela de novo axiña!” (Frederik Hanssen, Der Tagesspiegel)

Nodoka Okisawa gañou en 2019 o recoñecido Concurso Internacional de Novos Directores de Orquestra de Besançon, onde foi galardoada co “Gran Premio”, así como co premio da orquestra e do público. Xa en 2018 gañara o Concurso Internacional de Música de Tokio para Directores, un dos máis prestixiosos certames internacionais de dirección.

A principios da temporada 2020/21, Nodoka Okisawa recibiu unha bolsa da Academia Karajan da Filharmónica de Berlín e foi asistente de Kirill Petrenko. Ademais de asistir ao principal director da orquestra en concertos e óperas, o alcance da súa bolsa

de dous anos tamén inclúe a dirección dos seus propios proxectos de concertos xunto con estudantes da Academia Karajan.

Entre os momentos máis destacados da temporada actual e da vindeira inclúense os seus debuts coa Orquestra Sinfónica NHK de Tokio, Sinfónica de Osaka, New Japan Philharmonic Orchestra, Deutsche Radio Philharmonie e a Orquestra de Extremadura. Compromisos recentes téñana levado a agrupacións como a Orquestra Filharmónica de Tokio e a Orquestra de Brandemburgo.

Asistiu a numerosas clases maxistras, entre outras con Neeme, Paavo Järvi e Kurt Masur. Tanto en 2019 como en 2020 foi seleccionada para a Academia de Ópera Italiana Riccardo Muti de Tokio. No pasado adquiriu experiencia como axudante de dirección do Ensemble Kanazawa e en producións de ópera en Xapón e Europa.

Nacida en 1987 en Aomori, Xapón, aprendeu piano, violoncello e óboe desde a primeira infancia. Estudou dirección na Universidade das Artes de Tokio con Ken Takaseki e Tadaaki Otaka e licenciouse cun máster. En 2019 obtivo o seu segundo máster na Universidade de Música Hanns Eisler de Berlín con Christian Ehwald e Hans-Dieter Baum. Na actualidade Nodoka Okisawa vive en Berlín.

Gioachino Rossini (1792 – 1868)

Rossini tiña tan só 25 anos cando compuxo *La Cenerentola*, unha ópera baseada na historia da Cinsenta de Perrault, con libreto de Jacopo Ferretti. Estreada en Roma en 1817, tan só un ano despois do seu polémico *O barbeiro de Sevilla*, foi composta en apenas tres semanas e, aínda que non gozou dun éxito inmediato na estrea, axiña percorreu os principais teatros europeos, converténdose nunha das óperas cómicas máis populares. Inserto no segundo acto de *La Cenerentola*, este *Temporale* inunda a escena bramando a forza dos elementos naturais. A Cinsenta de Rossini, de volta á casa despois do baile, sinte como estoupa unha treboada e unha carruaxe envorca na rúa. Este temporal, e o accidente que provoca, posibilita que ela e o príncipe se atopen de novo e descubran as súas verdadeiras identidades. O presaxio do lóstrego, o estoupido do trono, o ouveo do vento, o repique da choiva, todos os elementos brúan para evocar mais non alterar a quen asiste a eles. A treboada serve como ruptura

entre a acción previa e o gran final, e lembra á tempestade do *Barbeiro de Sevilla* e doutras pezas anteriores deste compositor, tomadas como unha sorte de autopréstamo para esta Cenerentola. Rossini deseña a furia natural con mestría, cun ritmo orgánico que cara o final dará paso ao desenlace da historia de amor.

Franz Joseph Haydn (1732 – 1809)

A *Sinfonía* núm. 39 foi a primeira composta por Haydn en clave menor, en 1767, e tería unha grande influencia en posteriores sinfonías de Bach e Mozart. Esta obra é un dos grandes exemplos do seu período *Sturm und Drang* e por isto é coñecida como *Tempesta di Mare*. Haydn lévanos a unha viaxe estimulante e tempestuosa, ambientada nun turbulento sol menor que enche a música de xiros e voltas, quebrando os corsés do racionalismo e da razón da Ilustración, e anunciando os sons que caracterizarán o Romanticismo. Trátase dunha obra moi orixinal e inconcebible uns anos antes, cando a

música instrumental aínda se consideraba desprovista de profundidade. O primeiro movemento comeza cun suspenso que vai aumentando interrompido por momentos de silencio. De súpeto toda a enerxía contida estala nunha erupción na que os violíns voan en escalas exuberantes. O segundo movemento, en contraste, retorna á luz presentando grandes contrastes de dinámica, para ser sucedido por un terceiro movemento máis despreocupado, dominado polas voces do vento. O final chega con ferocidade, nun diálogo tenso de cordas e ventos, rematando a *Sinfonía* núm. 39 de xeito tumultuoso, nun torrente virtuoso de violíns.

Non se sabe con certeza por que Haydn denominou *Sinfonía de lume* esta obra, nin por que a numerou co 59, posto que foi escrita antes da núm. 57, e moito antes da súa publicación. O que si é certo é que esta sinfonía está ateigada de sorpresas, de volatilidade e de innovación, nunha mostra de que no Clasicismo tamén

había lugar para o lume, e que nos achega de novo ao seu período *Sturm und Drang*. As faíscas estralan na apertura do primeiro movemento, somérxennos nun *presto furioso*, que axiña torna nun misterioso xiro cuxos últimos compases esvaeceen no silencio. No inicio do segundo movemento, *andante*, as cordas esvaran en dúas liñas de contrapunto que apenas se aliñan para chegar de súpeto a un minueto alegre no que predominan as cordas ata a adición cálida dos óboes, en contraste coa suavidade e melodía do segundo movemento. No terceiro, as cordas sopran no minueto como un vento fantasmal, xerando unha atmosfera sonora misteriosa que nos remite a Vivaldi. Será o final, *allegro*, o que estoupe con alegría, co estrondo dos cornos e dos óboes, despregando uns fogos de artificio que se moven veloces e que levan a sinfonía a unha conclusión festiva. Unha sinfonía na que Haydn non deixa de sorprenden ao oínte cos contrastes na orquestración.

Felix Mendelssohn (1809 – 1847)

En 1820, con apenas 20 anos, Mendelssohn viaxou por Europa e recalou en Escocia. Alí, achegouse a coñecer as Illas Hébridas, atraído pola noticia dunha illa basáltica deshabitada, na que se atopaba a cova de Fingal. Tras coñecela, compón esa *Abertura para unha illa solitaria* que, tras algunhas modificacións, finalmente chamaría *As Hébridas*, op. 26, aínda anegado pola fascinación dos sons, os ecos e as melodías asombrosas que escoitara dentro daquela cova contra a que batía o mar. Esta obra suporía en si mesma unha innovación, por ser unha das primeiras sinfonías que trata de evocar sensacións alén da música e trasladar a outro lugar a quen a escoita; pero tamén por comezar a chamarlle aberturas a obras independentes, que na verdade non abrían outra obra maior. Esta sorte de poema sinfónico paisaxístico, dominado polas violas, violoncellos e fagots, ten un marcado perfil melódico que se presta ás repeticións.

Nesta obra, Mendelssohn xera unha metáfora musical do fluxo e refluxo constante da marea a través da corda, que proporciona ese fondo ondeante. Se a abertura presenta unha forma de sonata proporcionada, cada unha das seccións aparecen marcadas por un clímax que nos achega á fanfarra. Porén, nos compases finais, os dous temas combínanse entre si e esvaeceen no silencio.

Escrita no ano 1828, cando o compositor tiña só 19 anos, a abertura *Mar calma e viaxe próspera* está inspirada en dous poemas de Goethe dos que recibe o seu nome. Aínda que xa Beethoven e Schubert se basearan neses poemas, é sen dúbida a abertura de Mendelssohn a que acabou sendo máis coñecida. O mar en calma é unha ameaza e un drama, porque non hai ondas que movan o barco; cando o vento comeza a mexer o mar, os mariñeiros saben que por fin poderán regresar a terra. Así, a peza de Mendelssohn comeza cunha introdución lenta, seguida dunha sonata máis rápida. Transmite a

sensación de quietude a través de harmonías prolongadas, sostidas e misteriosas, na que o conxunto se move lentamente. Un *adagio* sombrío que comeza a axitarse a modo polas correntes do contrapunto, para que se poña en marcha a próspera viaxe. Será unha frauta quen levante o vento, e unha ráfaga orquestral a que poña o barco de novo en movemento cunha melodía heroica. A actividade do barco dá paso a canoneos de percusión, porque xa se avista a terra. Medra a emoción e as trompetas anuncian a salvación na que toda a orquestra se aboca a unha celebración, rematando a viaxe e a abertura cun certo suspiro de acougo.

PRÓXIMOS CONCERTOS

Xoves 20 de maio 20.30 h

OUTRAS ESTACIÓNS

Ciclo de piano Ángel Brage

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Jaume Santonja, director

Sofya Melikyan, piano

C. Saint-Saëns, Concerto para piano núm. 5
en Fa maior, op. 103 "Exipcio"

L. Spohr: Sinfonía nº 9 en si m, op. 143 "As
estacións"

Xoves 27 de maio 20.30 h

NATUREZA, VIDA & AMOR

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Paul Daniel, director

Pacho Flores, trompeta

A. Dvorák, Abertura Otelo, op. 93, B. 174
(Amor)

C. Lindberg, Concerto para trompeta*

A. Dvorák, Abertura de No reino da natu-
reza, op. 91, B. 168 (Natureza)

A. Dvorák, Abertura Carnaval, op. 92, B.
169 (Vida)

* Estrea en España

Obra encargo Real Filharmonía de Galicia/

Bilkent Symphony Orchestra (Turquía) /

Swedish Chamber Orchestra (Suecia)



AUDITORIO DE GALICIA

Avda. Burgo das Nacións s/n
15705 Santiago de Compostela

DESPACHO DE BILLETES

T 981 571 026 | T 981 573 979 (Auditorio)
T 981 542 349 (Teatro Principal)

OFICINAS

T 981 552 290 | T 981 574 152

www.rfgalicia.org

www.compostelacultura.gal



RealFilharmoniadeGalicia
CompostelaCultura



@rfgalicia
@CCultura

